


**ENCANTRO PARA A
INTERCOOPERACIÓN COOPERATIVA**



INTERCOOPERACIÓN COOPERATIVA



ciudadania



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



**XUNTA
DE GALICIA**



**Encuentro para a
Intercooperación
Cooperativa**



ÍNDICE ●●

- **Presentación (7)**
- **Obxectivos (7)**
- **Destinatarias (8)**
- **Contidos (8)**
- **Metodoloxía (11)**
- **Temporalización (11)**
- **Lugar de celebración (12)**
- **Información e Inscripción (12)**

Introdución

Cidadania Rede de Aplicacións Sociais S. Coop. Galega, no marco das actividades subvencionadas pola Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social da Xunta de Galicia, organiza un Encontro para a intercooperación cooperativa.

A intercooperación preséntase como unha oportunidade excepcional para a continuidade dos proxectos cooperativas no actual contexto social e económico.

Este Encontro configúrase como un espazo de reflexión e traballo encol da intercooperación cooperativa, como ferramenta para o sostemento e medre das cooperativas.

Obxectivos

- Afondar no coñecemento mútuo das cooperativas galegas.
- Procurar posibilidades e oportunidades de establecer estratexias colaborativas e de intercooperación estable.
- Divulgar fórmulas de intercooperación cooperativa.

Destinatarias

Persoas socias de cooperativas galegas, preferentemente con responsabilidades de dirección e/ou xestión nas súas cooperativas; técnicos e técnicas das entidades cooperativas galegas e persoas interesadas en xeral.

Ademais, aquelas cooperativas e persoas que o desexen, poden convidar á participación no encontro a outras entidades e empresas cooperativas non galegas.

Contidos

Para acadar os anteriores obxectivos plantéxase a realización dun Encontro dunha duración de 12 horas, para un grupo máximo de 20 persoas no que desenvolver os seguintes contidos:

Venres 26

- 16:30 H Presentación dos obxectivos do encontro.
Dinámica de presentación das persoas e cooperativas participantes, con breve relación da actividades (apoio en paneis que quedarán á vista).
- 17:30 H Diagnóstico sobre a comercialización das cooperativas.
Poranse en común os principais nichos e a súa contracción ou evolución, así como as estratexias que se están a seguir. Identificaranse os puntos fortes e febles do sector.
- 18:30 H Descanso.



- 18:45 H Condicións para intercooperar.
Dinámica de grupos que nos permite vivenciar e reflexionar sobre as pautas de relación que son precisas para cooperar entre cooperativas, e as principais barreiras coas que adoitamos atoparnos, así como a forma de superalas.
- 20:45 H Remate da primeira xornada.

Sábado

- 10:30 H Primeiras propostas de intercooperación.
Tormenta de ideas a partir das reflexións e intercambios da mañá. Selección e priorización das ideas.
- 11:30 H Dinámica de animación e conformación de grupos de traballo, *Segundo afinidades e intereses. Os grupos poden ser os seguintes, ou outros que se propoñan a raíz do traballo da mañá:*
 - Innovar en produtos ou servizos intercooperando desde disciplinas diferentes.
 - Intercooperar para acceder a servizos que case todas as cooperativas precisan (apoio na xestión, deseño e imaxe, presenza en internet, etc.)
 - Intercooperar entre cooperativas do mesmo sector.
 - A intercooperación no acceso a concursos públicos.
- 12:30 H Descanso.
- 12:45 H Presentación de experiencias de éxito.
Exposición apoiada nunha presentación con canón de proxección. No traballo previo de selección de experiencias terase en conta as que poidan ser de máis interese para os sectores cooperativos presentes no encontro.
- 14:00 H Fin da xornada da mañá.

- 16:00 H Traballo en grupos para a ideación de propostas.
A través dunha pautas comúns, cada grupo realizará propostas concretas de intercooperación, identificará os principais obstáculos cos que ditas propostas se poden atopar para ser viables e propondrá formas de superar ditos obstáculos.
- 17:00 H Posta en común dos traballos grupais.
Presentación das propostas e reflexións de cada grupo de traballo. Debate e novas achegas.
- 18:00 H Descanso.
- 18:15 H Apoios á intercooperación.
Presentación de axudas e programas que estean en marcha en Galicia ou noutras comunidades e que poidan servir de apoio para as diferentes propostas de intercooperación.
- 19:00H Dinámica de cooperación e peche.
Dinámica de grupo para reafirmar as habilidades precisas e as actitudes favorecedoras da intercooperación, baseada en xogos de representación. Reflexión sobre a dinámica e concreción de compromisos de traballo adquiridos.
- 20:15 H Fin do Encontro.

Metodoloxía

O Encontro terá carácter presencial. Fomentarase unha metodoloxía participativa a través do traballo en grupos; debates dirixidos; prácticas de cooperación, resolución de conflitos e comunicación; choiva de ideas e exercicios prácticos.

Exporase tamén información sobre modelos de intercooperación a través de experiencias concretas.

Por último realizaranse documentos de síntese parciais e final que favorezan o ordenamento das ideas e propostas de acción expostas, e que teñan unha función informativa clara para as persoas participantes.

Temporalización

- Venres 26 de outubro, de 16:30 h a 20:45 h
- Sábado 27 de outubro, de 10:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 20:15 h

Organízase un xantar colectivo para o sábado, aínda que vai pola conta de cada quen.



Lugar de Celebración

- Pazo da Cultura de Pontevedra
R/ Alexandre Bóveda s/n

Información e Inscripción


A inscrición límtase inicialmente a 20 prazas, por rigurosa orde de inscrición, ampliables segundo as opcións de loxística disponibles.

Na Federación de Cooperativas SINERXIA (986896526) ou ben por correo electrónico no enderezo: sinerxia@sinerxia.org



Cidadania, Rede de Aplicacións Sociais,
S. Coop. Galega

Corredoira das Fraguas, 5 – 1º Esq.
15703 – Santiago de Compostela
Telf. 981589269
Fax. 981554751



cidadania

Web: www.cidadania.coop

Correo electrónico: cidadania@cidadania.coop